

ACTA DE LA SESIÓN PARA LA RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES RELATIVAS A LA CONVOCATORIA MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN DE 1 PLAZA DE TÉCNICO/A FMEDIO/A DE LA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, PUESTO DE TRABAJO DE TÉCNICO/A, POR TURNO LIBRE

ASISTENTES

Presidenta: Ana María Ocampo Pérez- Gorostiaga

Vocal: Marta Pérez Iglesias

Vocal: Begoña Riveira Barros

Mediante medios telemáticos, o secretario, David Veiga Sierra, e

En Arzúa, sendo ás 10:30 horas do día 16 de abril de 2026, na sala de Xunta de Goberno da Casa consistorial, reúnense os citados membro do Tribunal da convocatoria para resolver aas alegacións realizadas ás actas anteriores.

**1.)** En concreto, a aspirante **Yasmina Martínez Cividanes.** presenta un escrito con alegacións onde solicita:

“Que se facilite copia do exame realizado, incluíndo as respostas marcadas pola persoa solicitante.

. Que se publique a plantilla de respostas correctas, para se fose o caso, poder solicitar a subsanación dalgunha das preguntas.

. Que se conceda un novo prazo de revisión ou alegacións unha vez facilitada a información solicitada.

. Que, no seu caso, se proceda á revisión da calificación outorgada.”

Entrando no detalle das alegacións, o tribunal entende que facilitará copia do examen, mais non debe facilitar a copia do exame realizado, incluíndo as respostas marcadas pola persoa solicitantes, xa que deixou folios a todas as aspirantes para copiar as súas respostas, tal e como fixeron outras aspirantes, polo que non aportará copia de ningún exame á aspirante alegante, sen perxuízo de outros dereitos que posúa.

Admítese a súa alegación en relación á publicación da plantilla das respostas correctas, xa que por erro non foi publicada, debendo selo, para o seu cotexo polas persoas aspirantes..

Concederáse un prazo de alegacións, de tres días hábiles (3) soamente en relación ás respostas do exame.

O tribunal entende que non é o caso para a revisión da calificación outorgada, ao estar dacordo con ela, e non atopar obxecto de dúbida nestes intres.

**2.)** A aspirante **Beatriz Yáñez Rouco** presenta unhas alegacións en relación á fase de concurso na que solicita” *A revisión por parte do tribunal dos méritos que presentei na fase de concurso, en función do establecido nas bases publicadas do proceso selectivo, en vistas á publicación definitiva de resultados.*”

O tribunal revisa os méritos alegados pola aspirante, e entende que a discrepancia que sinala a aspirante é por mor, de non ter incluído a súa experiencia profesional de seis meses no ano 2021 no Concello de Brión. Este feito é admitido polo tribunal, xa que por erro, non foi contabilizado.

Ainda que o tribunal non comparte a súa alegación en relación á totalidade da docencia que sinala, non entra neste apartado, xa que consegue igualmente a máxima puntuación sinalada.

Así, o tribunal establece que a aspirante, Beatriz Yáñez Rouco acada

|   |  |  |
|---|--|--|
| Por servizos prestados  | Por formación complementaria   | Docencia, titoría, impartición de charlas sobre a materia              |
| Empr priv=0,20 pt<br>Conc de Ribadeo= 0,30 pt<br>SP Conc de Brión=0,90 pt | - Fundamentos sobre la igualdad entre mujeres y hombres (25 horas)= 0,10 | 38 sesións formativas en centros de ensinanza en Ribadeo.10 ptos (máx) |
| Total: <b>1,40 ptos</b>   | Total: <b>0,10 ptos</b>  | Total: <b>10 ptos</b> (máx)  |

**3.)**A aspirante **María Belen Sanjurjo Rodríguez** solicita ao Tribunal “ A REVISIÓN DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ENCAMIÑADO A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO TÉCNICO/A EN IGUALDADE PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES E PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PLURIANUAL DE CARÁCTER TEMPORAL APROBADO POR DECRETO N.º 677/2025 DE DATA 16.09.2025, PENSANDO QUE POIDA EXISTIR ALGÚN ERRO NAMEDA.”

O tribunal revisa os seus méritos e determina a seguinte puntuación:

1.- Por servizos prestados: 6.2 ptos.

- a) Administración local: Computamos 14 semestres completos no Concello da Coruña. 4,2 ptos
- c) Non pertenza á Administracións públicas: Computamos 20 meses completos Na empresa Obz, realizando funcións anaálogas as indicadas nestas bases. 2 ptos.

Non se pode computar o traballo na empresa DELOGA ao non atopar o tempo indicado no certificado de funcións, na folla da vida laboral.

O resto de contratos aportados non podemos computalos ao non realizar funcións análogas as indicadas nestas bases

## 2.- Formación complementaria- 3,80 ptos

A) Posgrao, Master, ciclo formativo ou certificado de profesionalidade en materia de igualdade ou violencia de género: 1,5 ptos

- Máster en Género y políticas de igualdad entre mujeres y hombres. Universidad Rey Juan Carlos I

- Postgrado en dirección de recursos humanos. Non pertence á materia de igualdade ou violencia de xénero, polo que non computa.

B) Actividades formativas: 2,30 ptos.

Os cursos de 20 horas ou menos non computan, polo que xa non entramos a valorar nos mesmos o contido ou outros aspectos

- Violencia contra las mujeres:revisión y actualización del marco jurídico
- Igualdad retributiva en las Administraciones públicas
- Xornadas formativas online da SXI no ano 2020
- Curso de Verán:Coaching
- Formación en prevención y erradicación de la violencia contra las mujeres.
- Formación e coaching do liderado femenino
- Plan de igualdade: requerimentos,....
- Prevección de la violencia contra las mujeres en los entornos sociales
- Prevección, detección e resposta fronte á trata de persoas,.....
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

\* Cursos de 21 a 40 horas: 0,90 ptos

- Historia de la teoría feminista. Diputación de Cadiz
- Congreso sobre inmigración en España. Univ. Granada
- Enfoque de xénero, no deseño, execución e avaliación de plans.

Concello da Coruña

- Los efectos de la inmigración en la sociedad española. Fundación General Univ. Compl. Madrid.
- Xestión dos Fondos Europeos. Concello da Coruña
- Subvencións: réxime xurídico e normativa aplicable. Concello da Coruña
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. EGAP
- Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión públicos. EGAP.
- Introducción á protección de datos persoais. Concello da Coruña.

Os seguintes cursos non computan:

- Violencia contra niñas, niños y adolescentes. THEMIS. .Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Módulo de formación virtual en la administración local. FEMP. Non computa ao non ser unha adminsitación pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Intervención socioeducativa con violencia machista. FEGAMP. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Bullying LGTBFÓBICO como fenómeno social. Escuela Online FELGTBI+.Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Gestión de la diversidad en el ámbito local. APROSERS. .Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Trata de mujeres y niñas con fines de explotación sexual. FEMP. .Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

\* Cursos de 41 a 60 horas. 0,20 pto.

- Igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres: aplicación práctica en el ámbito del empleo. Instituto de la Mujer

Os seguintes cursos non computan:

- Tutorías de igualdad. Asociación de la Agrupación desarrollo CORUÑA SOLIDARIA. .Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.
- Potencia la dinamización de grupos. La Caixa. .Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

\*Cursos de 61 a 100 horas. 0,60 ptos.

- Igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres: aplicación práctica en el ámbito de los servicios sociales. Instituto de la Mujer

- Xestión de indicadores na xestión na web do novo observatorio urbano municipal de igualdade. Concello de A Coruña

Os seguintes cursos non computan:

- Género y globalización. CCOO. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

- Género, cidadanía y trabajo. CCOO. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

\* Cursos de 101 a 200 horas. 0 ptos.

O seguinte curso non computa:

- E-forma: experto en transformar cursos .....” CEDRHO. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria; e non ten relacións coas funcións do posto

\* Cursos de más de 200 horas. 0,60 ptos.

- Curso de especialización en mediación en la resolución de conflictos. Universidad Europea Miguel de Cervantes.

Os seguintes cursos non computan:

- Políticas de género y de igualdad. Especialista. CCOO. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

- Xestor de formación. XUNTA DE GALICIA. Sen relación directa coas funcións a desenvolver.

- Especialista en consultoría del sector publico. Colegio de Politólogos y Sociólogos de Madrid. Non computa ao non ser unha administración pública, nin universidade nin fundación universitaria.

3.- Docencia. 10 ptos. (máx)

O tribunal concedeulle a máxima puntuación neste apartado, e trala revisión mantén a súa puntuación máxima.

**4.)** A aspirante **Sabela Losada Cortizas** presenta un escrito de alegacións na que solicita que “Teñan en conta as miñas alegacións. Sexa modificado o resultado da valoración da experiencia, formación e docencia da fase de concurso quedando en 22 puntos, como se detalla no documento xunto”

O tribunal revisa a súa experiencia, formación e docencia aportada e sinala:

1.- Por servizos prestados:

a)

b) En relación aos 11 meses que sinala na Secretaría Xeral de Igualdade, como ela moi ben sinal, non aportou constancia da mesma, polo que non se computa.

En relación aos servizos prestados na Fundación Cideal, é de mencionar que na folla da vida laboral en España non aparece, e na documentación da aspirante, non aparece ningún documento que mostre a vida laboral en Arxentina, ou en calquera outro país onde realizara servizos, polo que non pode ser tido en conta, xa que segundo a base 7.3 *“a antigüidade anterior xustificárase mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración onde prestasen os servizos; ou a fotocopia do contrato de traballo e ou certificación orixinal da empresa xustificativa da experiencia manifestada. Deberá acompañarse informe de vida laboral”*

c) En relación á actividade sinalada tanto para a Fundación Cideal España/Arxentina, como no Centro de investigación y capacitación para la mujer, en México, atopámonos coa mesma situación, os ditos traballos non aparecen nin na folla de vida laboral de España, non foi aportada a de ningún outro país, para poder cotexalo, polo que non se pode puntuar.

2.- Por formación complementaria:

a) Posgrao, Mastér, ciclo formativo ou certificado de profesionalidade en materia de igualdade ou violencia de xénero: 4,5 pts

- Máster universitario en intervención interdisciplinar en violencia de género. Universidad de Valencia.

- Especialista universitaria en políticas del cuidado con enfoque de género. CLACSO

- Experta universitaria en agente de igualdade de oportunidades para las mujeres: acciones en el marco de la cooperación.

b) Actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas) sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados e/ou homologados, ben por unha Administración Pública, unha universidade ou fundación universitaria.

\* Cursos de 21 a 40 horas: 0,5 puntos

- “Medio ambiente y cambio climático con perspectiva de género), Instituto de las Mujeres. Gobierno de España.

- “Ecofeminismo: Pensamiento, cultura y praxis” Univ. Valladolid

- “Diseño, arquitectura y urbanismo feministas” Univ. Buenos Aires

- “Los hombres, la igualdad y las masculinidades”. Emakunde. Instituto Vasco de la Mujer.

- “Historia de América: mujer y movimientos sociales en América Latina. Univ. Murcia

O resto dos cursos desta duración non se lle computaron, xa que estaban organizados pola FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias). Esta entidade é a asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación e agrupa Concellos, Deputacións, Consellos e Cabildos, é dicir, administracións locais, mais esta Federación non é administración pública.

Estes cursos, segundo a base 7.3., teñen que ser organizados e/ou homologados por Administracións públicas, universidades ou fundación universitarias, mais non asociacións.

\*Cursos de 41 a 60 horas: 0 ptos

“Desarrollo Local”. Non se puntua por non atopar a relación coas funcións a desenvolver.

“Modelos de Intervención con mujeres víctimas de violencia de género desde la psicología feminista”. Non se puntua por non estar organizado por unha administración pública, universidade ou fundación universitaria.

\* Cursos de 61 a 100 horas: 0,60 ptos.

- Relaciones de Género y Desarrollo. Univ. Complutense Madrid

- Políticas del cuidado con perspectiva de género. Facultad latinoamericana de ciencias sociales.

Os outros dous cursos alegados non son organizados por universidades, ni administracións públicas, ni fundacións universitarias.

\* Cursos de 101 a 200 horas: 1,60 ptos

-“Especialista en mujeres rurales y salud mental:” Univ. Miguel de Cervantes

-“Especialización en menores ante la violencia de género” Univ. Miguel de Cervantes

-“ Formación en igualdad de género” Univ. Nebrija

-“Violencia de género” Univ. Nebrija

3.- Docencia, titorías ou impartición de charlas sobre a materia: 10 ptos.  
(MÁXIMO)

Esta puntuación non foi alegada pola aspirante polo que xa non se entra a revisar

|                         |                              |  |                  |
|-------------------------|------------------------------|--|------------------|
| Por servizos prestados) | Por formación complementaria | Docencia, impartición de charlas sobre a materia | titoría, charlas |
|                         | 7,20 puntos                  | Total: 10 (máximo)                               | puntos           |

A aspirante Sabela Losada Cortizas presenta un escrito de alegacións no que solicita "Sexa corrixido novamente o meu exercicio.

Sexan modificadas favorablemente as notas do test (do que non dispoño da listaxe de preguntas) e a do exercicio a desenvolver, posto que este inclúe contidos que corresponden a unha nota de entre 25 e 30 puntos:

- Definicións dos dous tipos de Plans de Igualdade: concepto, obxecto e normativa principal.
- Similitudes e diferencias: Plan externo enfocado á cidadanía co obxectivo de contribuir á igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no municipio, integrando o enfoque de xénero transversal en todas as áreas de xestión; e Plan Interno relativo á xestión de recursos humanos do propio Concello en relación á selección e contratación, formación, promoción profesional, conciliación, retribucións, prevención do acoso sexual e por razón de sexo, etc.
- Contextualización e conceptualización da estratexia dual, transversalidade de xénero e accións positivas.
- Estrutura dos dous tipos de Plans
- Metodoloxía: diagnose (con detalle de ferramentas cuantitativas e cualitativas, participativas e con enfoque de xénero a utilizar en ambos casos), compromiso (político, profesional, cidadá), deseño (con exemplos de áreas de actuación habituais), execución, seguemento e avaliación e aprobación.
- Exemplos concretos para os dous tipos de Plans (recollendo áreas, obxectivos, actuacións, responsables, orzamento, calendarización, sistema de indicadores para a avaliación)

O tribunal revisa o exame tipo test novamente, e segundo o cadro de respostas, que son publicadas conxuntamente con este acta, tendo 23 preguntas correctas, 6 respostas con erros, e 1 pregunta en branco, o que

segundo a base 7.1.2, supón 21,5 puntos. Esta nota é sen prexuízo de calquera alegación a calquera pregunta tipo test.

A aspirante Sabela Losada Cortizas presenta un escrito de alegacións no que solicita

“- O exame de oposición tipo test

- A plantilla de respostas correctas

- O exame de preguntas para desenvolver

- A rúbrica establecida polo tribunal para corrixir o exame de preguntas para desenvolver”

O tribunal admite o escrito e acompaña a este acta, o exame da oposición tipo test, o exame de preguntas a desenvolver, o cadro de respostas tipo test, e os criterios ou bases para avaliar o exame a desenvolver.